





Puntos de Interese Natural da Provincia da Coruña

1. Introducción

Os habitantes e visitantes da provincia da Coruña teñen a vantaxe e o privilexio de poder gozar dunha ampla variedade de zonas naturais. Praias de auga cristalina, bosques atlánticos dun verde intenso, zonas protexidas onde habitan aves ameazadas ou impresionantes formacións graníticas. Todas e cada unha delas especiais pola súa beleza e o seu valor natural.

O presente informe inventaria os lugares máis destacables, poñendo en relevo a riqueza natural da que dispón a provincia.

2. Definicións

-  Os **Lugares de Interese Comunitario** son zonas de Europa designadas de interese comunitario pola súa potencial contribución a restaurar o hábitat natural, incluíndo os ecosistemas e a biodiversidade da fauna e flora silvestres. Emanan da *Directiva 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres da Unión Europea*. Estes lugares, seleccionados polos diferentes estados membros sobre a base de estudos científicos, pasarán a formar parte das Zonas Especiais de Conservación, que se integrarán na Rede Natura 2000.
-  Os **Paisaxes Protexidos** son aqueles lugares concretos do medio natural que, polos seus valores estéticos e culturais, son merecedores dunha protección especial. (*Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade. Gobierno de España*)
-  As **Zonas ZEPA** (zonas de especial protección para as aves) son áreas protexidas catalogadas polos estados membros da Unión Europea como zonas naturais de singular relevancia para a conservación da avifauna ameazada de extinción, de acordo co establecido na *Directiva 2009/147/ce do Parlamento Europeo e do Consello de 30 de novembro de 2009 relativa á conservación das aves silvestres*.
-  Os **Monumentos Naturais** son elementos naturais de singular valor paisaxístico, xeolóxico, histórico ou doutro tipo. (*Decreto Xunta de Galicia 225/1999*).

- ✿ O obxectivo das **Zonas RAMSAR** é a conservación e o uso racional dos humidais mediante accións locais, rexionais e nacionais e grazas á cooperación internacional, como contribución ao logro dun desenvolvemento sustentable en todo o mundo. A *Convención Relativa aos Humidais de Importancia Internacional* especialmente como Hábitat de Aves Acuáticas foi asinada na cidade de Ramsar, de ahí que comúnmente se chamen “zonas Ramsar”.

- ✿ As **Reservas da Biosfera** están recoñecidas internacionalmente, aínda que permanecen baixo a soberanía dos seus respectivos países, e non están cubertas nin protexidas por ningún tratado internacional. Selecciónanse polo seu interese científico, baseándose nunha serie de criterios que determinan si un espazo inclúese no programa. A función destes espazos é fundamentalmente a conservación e protección da biodiversidade. (*Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade*).

- ✿ Os **Lugares Naturais de Interese Turístico** son aqueles que teñan interese natural dalgún tipo.

- ✿ Os **Parques Naturais** son espazos naturais con características biolóxicas ou paisaxísticas especiais no que se pretende garantir a súa protección.

- ✿ As **Reservas Mariñas de Interese Pesqueiro** constitúen unha medida específica que contribúe a lograr unha explotación sostida dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicas en áreas delimitadas dos caladoiros tradicionais.

- ✿ Os **Espazos Naturais de Interese Local** son espazos integrados nun determinado termo municipal que polas súas singularidades son merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

3. Inventario

CATEGORÍA	LUGARES	CONCELLO
LIC RED NATURA 2000	Ortigueira-Mera	Cariño, Ortigueira, Cerdido, As Pontes de García Rodríguez e As Somozas.
	Costa Ártabra	Cariño, Cedeira, Ferrol, Narón, Valdoviño, Ortigueira, Ares e Mugardos.
	Fragas do Eume	Cabanas, A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Monfero e Pontedeume.
	Encoro de Abegondo-Cecebro	Cambre, Abegondo, Betanzos, Carral e Oza-Cesuras.
	Costa da Morte	Arteixo, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Cee, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Muxía, Ponteceso e Vimianzo.
	Complexo Húmido de Corrubedo	Ribeira.
	Betanzos-Mandeo	Aranga, Bergondo, Betanzos, Coirós, Irixoa, Miño, Paderne e Oza-Cesuras.
	Carnota-Monte Pindo	Carnota, Mazaricos, Cee e Dumbria.
	Costa de Dexo	Oleiros.
	Estaca de Bares	Mañón e Ortigueira.
	Esteiro do Tambre	Brión, Negreira, Noia, Outes e Porto do Son.
	Monte e Lagoa de Louro	Carnota e Muros.
	Xubia-Castro	A Capela, Moeche, Narón, Neda, San Sadurniño, As Somozas e As Pontes de García Rodríguez.
	Serra do Careón	Melide, Santiso, Toques, Brión e Palas de Rei.
	Río Anllóns	Cabana de Bergantiños, Ponteceso, Coristanco e Carballo.
	Río Tambre	Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela e O Pino.
Serra do Xistral	As Pontes de García Rodríguez, Abadín, Alfóz, Cervo, Mondoñedo, Muras, O Valadoiro, Oural, Vilalba, Xermade e Xove.	
Sistema Fluvial Ulla-Deza	Catoira, A Estrada, Pontecesures, Silleda, Valga, Vila de Cruces, Boqueixón, Brión, Rois, Ames, Dodro, padrón, Rianxo, Teo, Touro e Vedra.	
PAISAXES PROTEXIDOS	Penedos de pasarela e Traba	Vimianzo e Laxe.
ZONA ZEPA	Complexo Litoral de Corrubedo	Ribeira.
	Costa da Morte	Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Laxe, Malpica de Bergantiños e Ponteceso.
	Espazo Mariño da Costa de Ferrolterra-Valdoviño	Ferrol, Narón e Valdoviño.
	Ría de Ortigueira e Ladrado	Cariño e Ortigueira.
MONUMENTOS NATURAIS	Costa de Dexo	Oleiros.
ZONAS HÚMIDAS RAMSAR	Complexo das Praias, Duna e Lagoa de Corrubedo	Ribeira.
	Lago e Areal de Valdoviño	Valdoviño.
	Ría de Ortigueira e Ladrado	Ortigueira.

RESERVAS DA BIOSFERA	As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	Abegondo, Arteixo, Bergondo, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros, Sada, Aranga, Betanzos, Coirós, Curtis, Irixoa, Miño, Oza-Cesuras, Paderne e Sobrado.
LUGARES NATURAIS DE INTERESE TURÍSTICO	Cabo Vilán	Camariñas.
	Cumio da Curotiña	Pobra do Caramiñal.
PARQUES NATURAIS	Fragas do Eume	Cabanas, A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Monfero e Pontedeume.
	Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán	Ribeira.
RESERVAS MARIÑAS DE INTERESE PESQUEIRO	Ría de Cedeira	Cedeira.
	Os Miñarzos (Lira-Carnota)	Carnota.
ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL	Illas de San Pedro (provisional)	Coruña.
	Río Abelleira (provisional)	Carral.
	Ribeiras do Mero-Barcés (provisional)	Abegondo.
	Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (en trámite)	Abegondo.
	Embalse de Sabón y Meicende (en trámite)	Arteixo.
	As Brañas de Sada (en trámite)	Sada.
	Laguna de Mera (en trámite)	Oleiros.
	Sanatorio de Cesuras (en trámite)	Oza-Cesuras.
	Monte Xalo (en trámite)	Culleredo, Carral, Cerceda e A Laracha.
	Marismas do Río Baixoi (en trámite)	Miño.
	Ensenada de Santa Cruz (en trámite)	Oleiros.
	Parque Forestal de Liáns (en trámite)	Oleiros.
	Laguna de Sobrado (en trámite)	Sobrado.
Ría de O Burgo (en trámite)	Oleiros, Culleredo, A Coruña e Cambre.	

Este informe é exclusivamente un documento de traballo interno do servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. As consideracións nel reflectidas non se corresponden necesariamente coas propias da Deputación da Coruña.